



... Ordenanzas y Reglamentos

Nueva Búsqueda

Abegondo - ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN

Publicación provisional : 02-10-2001 BOP Nº 227 -- Publicación definitiva : 02-10-2001 BOP Nº 227

Redacción Aplicable desde 24-05-2021

Redacciones

- Art. 1º.-Fundamento legal.
- Art. 2º.-Feito imponible.
- Art. 3º.-Suxeitos pasivos.
- Art. 4º.-Responsables.
- Art. 5º.-Exceccións, redución e bonificacións.
- Art. 6º.-Base imponible.
- Art. 7º.-Cota tributaria.
- Art. 8º.-Devengo.
- Art. 9º.-Liquidación e recadación.
- Art. 10º.-Infraccións e sancións.
- Disposición final.
- Disposición derogatoria.

Art. 1º.-Fundamento legal.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e ó abeiro do disposto no artigo 58 da Lei 39/88. Do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por servizos da rede de sumidoiros e depuración, que se regulará pola presenta Ordenanza, redactada conforme ó disposto nos artigos 20 a 27 da Lei 39/88.

Art. 2º.-Feito imponible.

1.-Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo de evacuación de excretos, augas negras, residuais e pluviais mediante a utilización da rede de sumidoiros municipais, e a conseguinte depuración das devanditas augas.

2.-O servizo de evacuación de excreto, augas negras, residuais e pluviais será de recepción obrigatoria, polo que en consecuencia tódolos inmobles situados a distancia menor de vintecinco metros dalgunha arteria da rede de sumidoiros deberán estar dotadas do servizo, sempre que a pendente do terreo o permita, devengándose a taxa aínda cando os suxeitos pasivos non realicen a acometida da finca á rede xeral.

Art. 3º.-Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa, na condición de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

Así mesmo, terá a consideración de substituto do contribuínte os propietarios dos inmobles, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas abonadas sobre os respectivos beneficiarios.

Art. 4º.-Responsables.

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas que son causantes ou colaboran na realización da infracción tributaria, as que se refiren os artigos 38 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades, ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Art. 5º.-Exceccións, redución e bonificacións.

De conformidade co disposto do artigo 18 da Lei 8/89, do 13 de abril, non se recoñece beneficio tributario algún, agás o propio Concello.

Art. 6º.-Base imponible.

1.-Para abonados con servizo de abastecemento de auga, constará dunha cota fixa máis unha cantidade por m³ de auga facturada.

2.-Para abonados sen servizo de abastecemento de auga, constará dunha cota fixa o trimestre.

Art. 7º.-Cota tributaria.

A.-Tarifas do servizo de saneamento

A.1.-Para abonados con servizo de abastecemento

Cota fixa mensual: 1,753 €/ab.mes

Para os m³ facturados en abastec.: 0,177 €/m³

A.2.-Para abonados sen servizo de abastecemento

Doméstico e comercial: 15,44 €/ab. trim.

Industrial e obras: 26,48 €/ab. trim.

A.3.-Cota de conservación de acometidas de saneamento

Cota mensual: 0,357 €/ab. mes

A.4.-Cota por baleirado de fosas sépticas

Por volume da fosa séptica baleirado na EDAR: 6,119 €/ab. mes

B.-REALIZACIÓN DE ACOMETIDAS E ENGANCHES

B.1.-REALIZACIÓN DE ACOMETIDAS

1.-Acometida normal

Ud. acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubo de P.V.C. Ø 160/5 atm., incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a colector existente, para unha lonxitude máxima de 5 m

GABIA EN TERRA: 279,79 €/ud.

GABIA EN ASFALTO: 319,76 €/ud.

GABIA EN BEIRARRÚA: 359,76 €/ud.

GABIA EN ROCHA: farase orzamento para cada caso

2.-Acometida de maior lonxitude

Para las acometidas de máis de 5 metros terase un prezo por metro de exceso para lonxitudes non moi superiores aos 5 m. Para maiores distancias farase un orzamento en cada caso.

GABIA EN TERRA: 20,81 €/m

GABIA EN ASFALTO: 35,85 €/m

GABIA EN BEIRARRÚA: 42,41 €/m

GABIA EN ROCHA: farase un orzamento para cada caso

B.2.-Taxa de enganche

- Por cada vivenda ou local: 79,93 €

B.3.-Cambio de titular e taxa de alta

- Por cambio do titular

Por cada cambio de titular, previa autorización do Concello: 47,98 €

- Taxa de alta

Por taxas administrativas por todos os conceptos: 39,98 €

Art 8º .-Devengo.

O devengo da presente taxa terá lugar cando naza a obriga de contribuír, segundo no establecido no artigo 2º .

A cota tributaria pola evacuación de excretos, augas negras, residuais e pluviais mediante a utilización da rede de sumidoiros municipais e súa depuración, devéngase o primeiro día de cada trimestre natural. Nos casos de alta nace a obriga de contribuír igualmente no primeiro día do trimestre en que sexa realizada á acometida e o enganche.

Art. 9º .-Liquidación e recadación.

1.-As liquidacións pola evacuación de excretos, augas negras, residuais e pluviais serán aprobadas polo órgano competente do Concello o remate de cada trimestre natural, unha vez confeccionado o padrón correspondente polo concesionario do servizo; as liquidacións serán expostas ó público por un período mínimo de quince días hábiles. Non será necesaria a notificación das cotas sucesivas que se deriven da súa declaración de alta, sen prexuízo da remisión do correspondente recibo con detalle da facturación.

O cobro dos recibos poderá ser:

a. Directamente das oficinas do concesionario do servizo.

b. Ou mediante xestión bancaria.

2.-A liquidación da cota tributaria pola acometida, será aprobada polo órgano competente do Concello simultaneamente ó outorgamento da licenza de enganche, baseándose do presuposto presentado pola empresa concesionaria do servizo, acorde cos prezos aprobados nesta ordenanza.

A recadación levarase a cabo pola empresa concesionario do servizo ó abeiro do disposto no artigo 124 da Lei Xeral Tributaria. O prazo para o ingreso en voluntaria será o previsto no Regulamento Xeral de Recadación, artigo 20.

Dada a unidade de xestión e mantemento do servizo da auga e rede de sumidoiros e depuración, poderase expedir un único recibo que incorpore a facturación trimestral de ámbalas taxas.

Art. 10º .-Infraccións e sancións.

En materia de infracción e as súas correspondentes sancións estarase ó disposto da Lei Xeral Tributaria, artigos 77 e seguintes, e demais normativa aplicable.

Disposición final.

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 29 de decembro do 2000; entrará en vigor unha vez sexa publicada no Boletín Oficial da Provincia e comenará a aplicarse có primeiro trimestre do ano 2001; permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Disposición derogatoria.

A presente ordenanza derroga a aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 9 de novembro de 1999.

Nota Legal

Servicio de Asistencia Económica a Municipios